



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 29 de marzo de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 29/03/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 29/03/2016.
- III. Segundo documento coas consideracións da Dirección para que sexan incorporadas ao expediente e sexan tidas en conta polo órgano competente ao redactar ás correspondentes respostas de alegacións e proposta de resolución da solicitude de cambio de denominación da ETSEM.
- IV. Proposta de encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2015-2016.
- V. Normativa de Traballo Fin de Máster correspondente ao Máster en Xeoinformática.
- VI. Normativa de Prácticas Externas correspondente ao Máster en Xeoinformática.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 4 de marzo de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 4 de marzo de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

2. Informe do Director.

- Publicada fai uns meses a execución do presuposto da ETSE de Minas correspondente ao cuarto trimestre do 2015:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=689>



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



recibíronse varias consultas sobre dous importes de 202,8€ de TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A. e 9539,46€ de CORRECTIVO PCI EDIFICIO AMPLIACION MINAS-TELECO. A Administradora do Ámbito Tecnolóxico indica que o primeiro importe corresponde co abono dun terminal telefónico dun profesor da Escola de Enxeñaría Industrial, que será compensado no 2016 no orzamento da ETSEM, e o segundo corresponde ás reformas e reparacións do sistema de detección e extinción de incendios do Edificio da ETSE de Minas e Ampliación da EE de Telecomunicación. A Dirección agradece o traballo realizado.

- Para as prácticas en empresa que xestiona a Aula Repsol da Universidade da Coruña enviáronse desde o Negociado de Asuntos Xerais da ETSE de Minas quince Curriculum Vitae de alumnado do centro. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O 17 de marzo constituíse a Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da ETSE de Minas presidida pola profesora Carmen Pérez Pérez e actuando de secretaria a profesora Ángeles Saavedra González coa primeira tarefa de elaborar o regulamento da CNL da ETSE de Minas e o obxectivo de levar a cabo diversas iniciativas para a dinamización do galego na Escola. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Da Vicerreitoría de Economía e Planificación recibíuse un escrito onde se nos comunicou a asignación do equipamento de laboratorios docentes correspondente ao curso 2015-2016. Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática. O importe total é de 28.992,89€ A proposta de reparto será debatida nunha Xunta de Escola posterior.
- Finalizado o programa de visitas para a renovación da acreditación dos graos na ETSE de Minas, levado a cabo os días 7 e 8 de marzo, na que participaron numerosamente diversos grupos de interese nas distintas reunións programadas (alumnado, egresados/as, persoal de apoio e servizos, profesorado, representantes de departamentos e empregadores/as) comunicouse que no informe oral final da visita a Comisión de Avaliación, de forma colexiada, valorou toda a información dispoñible sobre os nosos títulos e, de acordo cos criterios establecidos para a renovación da acreditación, emitiu un informe de avaliación provisional en termos de FAVORABLE para ambos títulos. Como fortalezas, entre outras, destacaron a certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade, a web do centro, os recursos materiais e humanos e as taxas relacionadas cos resultados de aprendizaxe. Indicaron, entre outros, comentarios sobre a necesidade de mellorar a coordinación horizontal e vertical dos títulos para, por exemplo, evitar solape de



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



contidos en certas materias, detectaron tamén necesidades de modificación en diversas materias, deficiencias no número de persoas dedicadas ao apoio administrativo e servizos, ou, por exemplo, accións a ter en conta durante a realización, participación e valoración das enquisas de avaliación. A Dirección agradece o traballo da Comisión de Avaliación e a axuda técnica da Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo. Este proceso foi coordinado na ETSE de Minas pola profesora Natalia Caparrini Marín e a Xefa do Negociado M^a Carmen Romo Pérez, o cal é agradecido pola Dirección. Finalmente, a Dirección agradece tamén a participación e a colaboración de todas as persoas vinculadas coa ETSE de Minas nun proceso como este, que seguro mellorará no futuro o funcionamento da ETSE de Minas. A información do proceso pode consultarse no apartado Acreditación de títulos da web do centro, por exemplo, en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

- Recibiuse un escrito da Vicerreitoría de Economía e Planificación no que se indicaba que o centro pode realizar accións de difusión e promoción para incrementar as cifras de matrícula do Grao ERME para o curso 2016-2017 cun límite de gasto, asumido pola Vicerreitoría, de 6000€. A Dirección agradece a iniciativa e roga teña continuidade no tempo.
- Promovido no seu momento desde á ETSE de Minas, enviouse á Oficina de Relacións Internacionais, o Convenio Marco de Colaboración coa Universidade Nacional de San Luís (Arxentina) asinado xa polo representante da contraparte interesada. Unha vez aprobado, de selo caso, en Consello de Goberno será publicado na relación de convenios da UVigo:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/ori/convenios/internacionais/

- Sobre a aprobación da PDA 2016-2017 que será aprobada, de selo caso, nun punto da orde do día desta Xunta de Escola, como xa foi presentado na Xunta de Escola do pasado 4 de marzo, para a reunión programada para o venres 26 de febreiro coas responsables da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP), o martes 23 de febreiro a Subdirectora Xefa de Estudos enviou por email á VOAP unha proposta académica, enténdese conservadora, de PDA 2016-2017 para os títulos de grao de Enxeñaría da Enerxía (EE) e de Recursos Mineiros e Enerxéticos (ERME) adscritos á ETSE de Minas, que implicaba unha redución do número de horas impartidas con respecto ás do curso 2015-2016 (EE 143,75h e ERME 30h) e na que se prescindía dun segundo grupo B en tres materias de cuarto que superaban os 25 alumnos matriculados, á espera da matrícula no 2016-2017.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



O mércores 24 de febreiro desde a VOAP recíbese por email a aceptación da PDA de ERME e solicitan unha redución de grupos en 2º curso de EE. Aceptando ese cambio a VOAP indica que non é necesaria a reunión do venres 26 de marzo.

O xoves 25 de febreiro a Subdirectora Xefa de Estudos enviou por email á VOAP unha xustificación académica para manter a proposta de PDA no 2º curso de EE. En base a resposta da VOAP mantívose a reunión para o venres 26 de febreiro.

Como logo xa foi informado na Xunta de Escola do venres 4 de marzo, na reunión do venres 26 de febreiro de membros do equipo directivo da ETSEM (Director, Subdirectora Xefa de Estudos e Subdirector Coordinador de EE) coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado e coa Directora de Área de Grao, solicitouse á Dirección da ETSE de Minas a modificación da proposta de PDA para o curso 2016-2017 enviada con anterioridade aos responsables da UVigo facendo nela unha redución obrigatoria a un único grupo A (teórico) de diversas materias nos cursos de primeiro e segundo (90 ECTS / 15 materias) que comparten EE e ERME (este último cun Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade Favorable de 3 de xuño de 2015) atendendo á interpretación do texto do DECRETO 161/2015 enviado por email logo da mencionada reunión á Subdirectora Xefa de Estudos desde a VOAP pola Directora de Área de Grao que indica que

“En el caso de enseñanzas de grado impartidas en el SUG, cuyos planes de estudio sean coincidentes en un mínimo de 90 créditos ECTS en los dos primeros cursos, y compartan la organización docente de esos cursos, en grupos teóricos y prácticos, se computarán conjuntamente los/las estudiantes de nuevo ingreso a los efectos de lo establecido en este artículo”

Véxase o DECRETO 161/2015, no seguinte enlace:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20151112/AnuncioG0164-101115-0001_es.html

Actualmente no caso dos mencionados graos a Planificación Académica/Organización Docente (calendario, horarios, exames, ...) xa é compartida por ambos en dous grupos A (teóricos), e diferentes grupos B (prácticos) e C (seminarios), nas materias coincidentes nos seus Planos de Estudio de primeiro e segundo curso, nun total de 108 ECTS. Faise así desde a súa implantación gradual no curso 2010-2011. Véxase o apartado de Planificación Académica/Organización Docente na web do noso centro:

<http://etseminas.uvigo.es/>

Así pois a Dirección da ETSE de Minas interpretou que o anterior texto do Decreto 161/2015 refírese ao computo do alumnado de novo ingreso aos efectos do establecido no artigo 6 do Decreto, non indica a necesidade de impartir docencia en



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



materias aos estudantes de novo ingreso computados conxuntamente en un único grupo teórico (grupo A), tampouco nun único grupo práctico (grupo B), e, polo tanto, non xustifica este texto a redución de grupos A (teóricos) nas materias dos primeiro e segundo cursos dos nosos graos na PDA para o curso 2016-2017, solicitada polas responsables da UVigo na mencionada reunión. E por elo a Dirección da ETSE de Minas o 29 de febreiro solicitou informe da Asesoría Xurídica sobre a interpretación correcta do mencionado texto a fin de poder informar con antelación aos membros da Xunta de Escola (Rexistro de Saída N° 38 da ETSE de Minas). Unha copia do escrito foi enviada por email á VOAP o xoves 3 de marzo.

Con todo enviouse antes da Xunta de Escola do 4 de marzo aos seus membros unha proposta con un único grupo A no primeiro e segundo cursos dos dous graos, sabendo que tres materias de primeiro e segundo reducidas a un único grupo A poderían manter os dous grupos A actuais, de acordo coa interpretación das responsables da VOAP da UVigo.

A Xunta de Escola acordou o 4 de marzo, por asentimento, esperar a resposta da consulta realizada á Asesoría Xurídica antes de aprobar, de selo caso a PDA, para o curso 2016-2017. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esa Xunta de Escola.

Unha redución como a proposta pola VOAP supón un recorte de plantilla docente entre 25 e 40 horas, dependendo da materia, nos cursos máis numerosos dos graos da ETSEM co que iso significa nun contexto de aprendizaxe centrado no alumnado como o que emana do Espazo Europeo de Educación Superior.

O luns 7 de marzo enviouse desde a ETSEM resposta (Rexistro de Saída N° 41 da ETSE de Minas) a unha nota interna da Asesoría Xurídica (AX) na que solicitaban para o seu informe antecedentes relativos ao asunto. A data de envío de esa nota interna desde a Asesoría Xurídica é do mércores 2 de marzo e, chegada por correo interno á ETSEM, é rexistrada o luns 7 de marzo pola Xefa do Negociado da ETSEM (Rexistro de Entrada N° 57 da ETSE de Minas). Nesa resposta de antecedentes á AX inclúense enlaces aos DECRETOS 222/2011 e 161/2015 e os emails intercambiados entre a Dirección da ETSEM e a VOAP os días 29 de febreiro, 3 e 4 de marzo onde, entre outras cousas, a VOAP da por correcta a PDA enviada a Xunta de Escola do 4 de marzo de acordo coa interpretación que sobre a obrigatoriedade de grupo único de teoría fan as responsables da VOAP do DECRETO 161/2015 (afectados 90 ECTS) e se lle informa dos pasos seguidos desde a ETSEM. O escrito (Rexistro de Saída N° 41 da ETSE de Minas) é enviado así mesmo por email á VOAP ese mesmo día.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



O venres 11 marzo a VOAP solicita unha reunión coa Dirección da ETSEM para tratar a PDA dos graos do centro para o curso 2016-2017. Esa reunión prodúcese o martes 15 de marzo entre membros do equipo directivo da ETSEM (Director, Subdirectora Xefa de Estudos e Subdirectora Coordinadora do grao ERME) coa Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado e coa Directora de Área de Grao. Estas últimas reiteran a súa posición de interpretar que o DECRETO 161/2015 implica a obrigatoriedade de grupo único de teoría nos graos EE e ERME en materias (90 ECTS) de primeiro e segundo. Posto que a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP):

http://profesorado.uvigo.es/vicprof_gl/organizacion/membros/

ten que tratar o PDA de todos os centros da UVigo á volta de Semana Santa, a Dirección da ETSE de Minas informa á VOAP que entón convocarase para o martes 29 de marzo unha Xunta de Escola ordinaria na ETSE de Minas co punto de aprobación da mencionada PDA.

Á espera do informe da Asesoría Xurídica, solicitado o 29 de febreiro, solicítase o mércores 16 de febreiro á Secretaría Xeral (Rexistro de Saída Nº 44 da ETSE de Minas) que sexa enviada aos membros da COAP: 1) o escrito da consulta realizada o luns 29 de febreiro á Asesoría Xurídica (Rexistro de Saída Nº 38 da ETSE de Minas) e 2) a resposta a solicitude de antecedentes realizada pola Asesoría Xurídica enviada o luns 7 de marzo (Rexistro de Saída Nº 41 da ETSE de Minas).

O xoves 17 de marzo recíbese a resposta da Asesoría Xurídica (Rexistro de Entrada Nº 67 da ETSE de Minas) de data luns 14 de marzo na que se traduce ao galego *cuasi* literalmente parte do texto do Decreto 161/2015 a interpretar, aporta información verbal da VOAP da UVigo pero non responde á cuestión formulada o 29 de febreiro de se o Decreto 161/2015 indica a necesidade de impartir a docencia en materias aos estudantes de novo ingreso computados conxuntamente en un único grupo teórico (grupo A), tampouco nun único grupo práctico (grupo B), e, polo tanto, non responde si xustifica ou non este texto do Decreto 161/2015 a redución de grupos A (teóricos) a un único grupo en materias dos primeiro e segundo cursos (90 ECTS) nos graos da ETSE de Minas na PDA para o curso 2016-2017, redución solicitada polas responsables da VOAP segundo a súa interpretación do Decreto 161/2015.

O xoves 17 de marzo a Dirección da ETSEM solicita (escrito de Rexistro de Saída Nº 45 da ETSE de Minas) á Secretaría Xeral que envíe a solicitude de interpretación do Decreto 161/2015 (escrito de Rexistro de Saída Nº 38 da ETSE de Minas e escrito de Rexistro de Saída Nº 41 da ETSE de Minas) nos termos formulados xunto coa resposta da Asesoría Xurídica (Rexistro de Entrada Nº 67 da ETSE de Minas) ao órgano competente da Xunta de Galicia. Enviouse o mesmo día por email o escrito á VOAP co rogo de que puxeran elas en antecedentes aos



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



membros da COAP. Posto que a aplicación do Decreto 161/2015, mentres estea en vigor, pode afectar ao número de grupos teóricos (reducidos a un único grupo independentemente do número de estudantes de novo ingreso computados conxuntamente) en materias de primeiro e segundo curso (90 ECTS), en particular, en calquera grao da Universidade de Vigo afectado por o Decreto 161/2015 e, en xeral, en calquera grao en semellantes condicións do Sistema Universitario Galego, de acordo coa interpretación que fai a VOAP da UVigo.

O venres 18 de marzo, convocada para o 29 de marzo unha Xunta de Escola ordinaria na ETSE de Minas co mencionado punto da PDA, solicítase (escrito de Rexistro de Saída Nº 48 da ETSE de Minas) á Secretaría Xeral o envío aos membros da COAP o escrito da solicitude ao órgano competente da Xunta de Galicia da interpretación do Decreto 161/2015 (escrito de Rexistro de Saída Nº 45 da ETSE de Minas) e a presenza na mencionada Xunta de Escola do 29 de marzo da Xefa de Servizo da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo, de acordo Artigo 4. 3. do Regulamento de Réxime Interno da ETSE de Minas (Aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 29 de outubro de 2015). Enviouse por email o mesmo día o escrito á VOAP co rogo de que puxeran elas en antecedentes aos membros da COAP.

Finalmente o 29 de marzo rexístrase na ETSEM (escrito de Rexistro de Entrada Nº 72 da ETSE de Minas) a resposta da Secretaría Xeral onde se indica que: 1) é competencia da Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado decidir a documentación que debe ser enviada aos membros da COAP e proceder a súa remisión e 2) que non é posible que o servizo de Asesoría Xurídica se persoe nas sesión dos distintos órganos da Universidade.

- Recibida a resolución da Comisión Galega da Competencia (CGC) de 2011 enviada á Dirección da ETSEM polo Representante en Pontevedra do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste e profesor na ETSEM, Don Juan Ricoy Alonso, a Dirección enviou á Secretaría Xeral o 29 de marzo de 2016 o documento, como consideración adicional á enviada o 3 de marzo (Rexistro de Saída Nº 39) referida ás referencias nos textos recibidos sobre as atribucións profesionais no ámbito da Enerxía, para que sexa incorporada ao expediente e sexa tida en conta polo órgano competente ao redactar ás correspondentes respostas de alegacións e proposta de resolución da solicitude de cambio de denominación, órgano competente que non é a ETSEM. Este documento enviouse con antelación aos membros desta Xunta de Escola da ETSEM e figurará como Anexo III a este acta.
- Finalmente, recordase que o proceso de elección de Director/Directora da ETSE de Minas culminará, de selo caso, mañá 30 de marzo na Xunta de Escola Extraordinaria a celebrar ás 13:00 horas en convocatoria única na Aula de Grao da



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ETSEM. A Dirección anima aos membros da Xunta de Escola a participar neste proceso importante proceso.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, será enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.

3. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2016-2017.

Logo do exposto no punto anterior, Informe do Director, en relación aos trámites seguidos para elaboración da PDA dos Graos impartidos na ETSE de Minas, iníciase un intenso debate sobre a proposta de redución de grupos por parte da Reitoría, no cal o sector de estudantes manifesta a súa rotunda oposición a calquera proposta que implique unha redución de grupos en calquera curso dos Graos.

Tendo rematado o debate, sométese a votación a proposta realizada pola Dirección desta Escola, que se achega como anexo IV a esta acta, co seguinte resultado: 14 votos a favor, 3 votos en contra e 6 abstencións.

A Xunta de Escola aproba a proposta de PDA presentada.

4. Ratificación, se procede, da Normativa de Traballo Fin de Master correspondente ao Master en Xeoinformática.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, ratificar a Normativa de Traballo Fin de Master correspondente ao Master en Xeoinformática, que fora previamente aprobada en Comisión Permanente e en Comisión de Calidade, e que se achega como Anexo V a esta acta.

5. Ratificación, se procede, da Normativa de Prácticas Externas correspondente ao Master en Xeoinformática.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, ratificar a Normativa de Prácticas Externas correspondente ao Master en Xeoinformática, que fora previamente aprobada en Comisión Permanente e en Comisión de Calidade, e que se achega como Anexo VI a esta acta.

6. Aprobación, se procede, dos criterios aplicados para o reparto de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2016-2017).



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Non procede tratar este punto nesta sesión, polo que se pasa ao seguinte punto na orde do día.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ao non ter documentación pendente de aprobación, se pasa ao seguinte punto na orde do día.

8. Rogos e preguntas.

O alumno Marcos Gonzalez Bello roga que a Dirección solicite a asistencia á reunión da COAP onde vai ser aprobada, de selo caso, o encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2016-2017.

A alumna Mariola Juncal Rosales pregunta se o inminente informe provisional da comisión de renovación dos títulos cando chegue vai ser difundido ao que o Director responde que entende que, como ata o de agora, será publicado no apartado correspondente da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e nove de marzo de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 29/03/2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 29/03/2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Profesorado	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Araújo Fernández, María
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Espada Seoane, Ángel Manuel
7.	García Bastante, Fernando
8.	González Jorge, Higinio
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Iglesias Comesaña, Carla
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	Patiño Vilas, David
13.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
14.	Rivas Brea, Teresa
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vázquez Dorrío, José Benito
Alumnado	
18.	Campos Otero, José Manuel
19.	Carrillo Pérez, Rosalía
20.	García Iglesias, Jaime
21.	González Bello, Marcos
22.	Juncal Rosales, Mariola
23.	Maceiras Agrafojo, Elena
P.A.S.	
24.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	54
Asistentes:	24

Escusan a súa ausencia: Alfonso Mandado Vázquez, Faustino Patiño Cambeiro, Ana M^a Ulla Miguel, Javier Vijande López e Iván Veleiro Pinal



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Segundo documento coas consideracións da Dirección para que sexan incorporadas ao expediente e sexan tidas en conta polo órgano competente ao redactar ás correspondentes respostas de alegacións e proposta de resolución da solicitude de cambio de denominación da ETSEM.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Proposta de encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2015-2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO V

Normativa de Traballo Fin de Máster correspondente ao Máster en Xeoinformática.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VI

Normativa de Prácticas Externas correspondente ao Máster en Xeoinformática.